



Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

MIGUEL PIÑEIRO SOUTO, SECRETARIO DO CONCELLO DA LARACHA (A CORUÑA).

CERTIFICO:

Que na sesión extraordinaria do 22 de abril de 2025 a Xunta de Goberno Local adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

4.- ESTABLECIMENTO PREZO PÚBLICO INTERCAMBIO XUVENIL - GEORGIA 2025

Dáse lectura á proposta de Alcaldía que se transcribe no seu literal:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Asunto: Proposta prezo público de Intercambios Xuvenís - Georgia, ano 2025.

Expediente: 2025/A002/000006

A Concellería de Cultura, Deportes e Xuventude do Concello da Laracha leva a cabo a promoción e organización de actividades cun claro compoñente de educación non formal destinadas á xuventude no ámbito do ocio e o tempo libre.

Este 2025 presenta o **I Intercambio Xuvenil** co **Centro de Lengua y Cultura Española “Carmen”** que se celebrará do 8 ao 15 de xullo, dirixido a xoves do municipio e co que pretende acadar os seguintes obxectivos:

- Propiciar o coñecemento dos países de Europa a través da relación entre persoas de distintas procedencias.
- Favorecer a práctica doutros idiomas.
- Posibilitar o intercambio de ideas sobre aqueles temas de interese común con cidadáns doutros países.
- Favorecer o coñecemento de España en xeral e de A Laracha en particular: modos de vida, costumes, etc.

Visto o informe do Tesoureiro do 21 de abril de 2025, no que se determina un prezo por persoa de 774,00€ resultante do reparto do custo total da actividade entre as persoas beneficiarias previstas (10 persoas), pero considerando as razóns sociais e culturais relacionadas cos obxectivos do programa para á xuventude do municipio, propónse un prezo público de 350,00 € por persoa.

Tendo en conta o anterior, e de conformidade co establecido no artigo 21.1.s) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e do acordo do Pleno do 21/06/19, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

PRIMEIRO.- Establecer a seguinte tarifa para o Prezo público para o Intercambio Xuvenís – Georgia 2025:

Importe máximo	7.740,00€
Beneficiarios	10
Importe por persoa	774,00€
Prezo público por persoa	350,00€

SEGUNDO.- Establecer as seguintes condicións para participar na Convocatoria de Intercambio Xuvenís – Georgia 2025:

1. DESTINATARIOS

Poderán participar mozos e mozas que estean empadroados no Municipio da A Laracha antes do 1 de xullo de 2024 e que cumpran os seguintes requisitos:

- Ter entre 18 e 30 anos. Os participantes deberán ter cumpridos os 18 anos antes da saída do 8 de xullo de 2025.
- Os participantes asumirán os gastos de desprazamento ata o punto de saída (aeroporto) e o retorno do aeroporto.

1. PRAZO, LUGAR E FORMA DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

A solicitude poderá presentarse vía sede electrónica ou por calquera dos medios establecidos no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, conforme o ANEXO I publicado na páxina Web do Concello.

2. SELECCIÓN DOS PARTICIPANTES

-O número de prazas dispoñibles é de 10.

-O prazo de solicitude para participar no Intercambio Xuvenil – Georgia 2025 será **do 23 ao 28 abril**.

-Terán preferencia as inscricións dos mozos/as que non participaran noutros Intercambios Xuvenís do Concello da Laracha durante o ano 2025

-Finalizado o prazo establecido e unha vez examinadas as solicitudes presentadas e verificado que compren os requisitos esixidos, procederase a adxudicación das prazas. Se hai máis solicitudes que prazas realizarase un sorteo público no salón de plenos do Concello o día **29 de abril ás 10:15 horas** quedando fixado un listado de reserva, de ser o caso.

-Publicase na web municipal a listaxe coas prazas concedidas e vía correo electrónico infórmase aos beneficiarios/as.

4.- ACEPTACIÓN DA PRAZA

**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

Para que a aceptación de praza sexa efectiva os beneficiarios/as deberán presentar a seguinte documentación antes do **5 de maio ás 14:00 horas**.

- Fotocopia do DNI
- Fotocopia do Pasaporte
- Tarxeta sanitaria europea e informe médico de padecer algún tipo de alerxias ou outras causas
- Xustificante do aboamento das taxas .
- O ingreso do prezo público levarase a cabo en réxime de autoliquidación, pago con tarxeta nas dependencias municipais, transferencia bancaria ou ingreso nas contas do Concello:

ABanca ES20 2080 0079 9231 10000015, LaCaixa ES08 2100 4912 2122 00004416 e Banco Pastor ES10 0238 8126 1606 60000173. Rematado este prazo se non se realiza o pago, perderá a praza e pasará á seguinte persoa do listado de reserva, se é o caso.

Só no suposto de que, por causas xustificadas (casos de forza maior, debidamente motivados, que serán obxecto de apreciación e estimación discrecional e potestativa por parte da Alcaldía) o interesado/a non puidera realizar a actividade solicitada, procederase á devolución da taxa.

5.- GASTOS DE PARTICIPACION

O Concello da Laracha asume a diferenza entre a taxa e os gastos reais dos participantes.

ACTIVIDADE	DATA	Nº PRAZAS	PREZO PÚBLICO PARTICIPANTE
Intercambio GEORGIA	8 ao 15 xullo	10	350€

O prezo público de participación inclúe:

- Programa de actividades de carácter sociocultural, recreativo, formativo e convivencial, que posibíle a participación a persoa moza.
- Desprazamentos en avión, bus, taxi, barco,...
- Aloxamento nun hotel da cidade de Tbilisi
- A manutención en réxime de pensión completa
- O material necesario para o desenvolvemento da actividade e o persoal técnico
- Atención sanitaria e seguro de accidentes

TERCEIRO.- Publicar o presente acordo no Taboleiro de Edictos do Concello.

**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es**ANEXO I****SOLICITUDE****CONVOCATORIA DE INTERCAMBIOS XUVENIS – GEORGIA 2025
CONCELLO DA LARACHA**Dirixido a mozos/as de 18 a 30 anos empadroados no Concello da Laracha.**DATOS PERSOAIS**

Nome e apelidos	
Data de nacemento	
DNI	
Enderezo	
Correo electrónico	
Número de teléfono	
Precisa dunha dieta especial, ten intolerancia alimentaria, tratamento farmacolóxico, alerxias, outros condicionantes médicos (mobilidade, etc)	☐ SI ☐ NON En caso de resposta afirmativa acreditar con informe médico no momento oportuno

EXPOÑO:

Que cumpro cos requisitos para participar na convocatoria de Intercambios Xuvenís que organiza o Concello da Laracha no ano 2025 con destino a Georgia.

**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es**Información de protección de datos persoais:**

<u>RESPONSABLE</u>	<u>-Concello da Laracha -NIF: P1504200E</u> <u>-Enderezo: Praza do Concello s/n,15145, A Laracha (A Coruña)</u> <u>-Teléfono: 981605001</u> <u>-Contacto DPD: dpd@alaracha.gal</u>
<u>FINALIDADE</u>	<u>Xestionar a solicitude de participación no Intercambio Xuvenil – Georgia 2025.</u>
<u>BASE DE LEXITIMACIÓN</u>	Artigo 6.1.e) RXPd o tratamento é necesario para o cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento. Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local. -Artigo 6.1.c) RXPd o tratamento é necesario para o cumprimento dunha obriga legal aplicable ao responsable do tratamento <u>-Artigo 6.1.a) RXPd a persoa interesada deu o seu consentimento para o tratamento dos seus datos persoais para un ou varios fins específicos.</u>
<u>PRAZO DE CONSERVACIÓN</u>	-Os datos conservaranse durante o tempo necesario para cumprir coa finalidade para a que se obtiveron e para determinar as posibles responsabilidades que puidesen derivar desta finalidade e do tratamento dos datos. <u>-Será de aplicación o disposto na normativa de arquivos e documentación.</u>
<u>CATEGORIA DE DESTINATARIOS E CESIÓN DE DATOS A TERCEIROS</u>	<u>Outras Administracións Públicas e entidades encargadas de organizar as viaxes</u>
<u>TRANSFERENCIAS INTERNACIONAIS</u>	<u>Non están previstas transferencias internacionais de datos</u>
<u>DEREITOS</u>	<u>Acceso, rectificación, limitación do tratamento, supresión, portabilidade e oposición/revogación ademais de presentar reclamacións ante as autoridades de control.</u>
<u>INFORMACIÓN ADICIONAL</u>	<u>Pode acceder á información adicional na sección Política de Privacidade na páxina web do concello: www.alaracha.gal</u>

A Laracha, ____ de ____ de 2025.

Asdo. _____

Sr. ALCALDE DO CONCELLO DA LARACHA”

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta transcrita cos seus acordos, por UNANIMIDADE dos membros presentes: D. José Manuel López Varela, D. José Ramón Martínez Barbeito, Dña. Almudena Martínez Pérez, Dña. Verónica Pérez Verdía, D. Juan Carlos Amado Collazo.



Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

O que certifico, na Laracha, a data da sinatura electrónica, co visto e prace do Sr. Alcalde, José Manuel López Varela, a reserva dos termos definitivos en que quede redactada a acta.